

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

**2179** *Orde SSI/304/2013, do 19 de febreiro, sobre substancias para o tratamento da auga destinada á produción de auga de consumo humano.*

O Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, incorporou ao noso dereito interno a Directiva 98/83/CE do Consello, do 3 de novembro de 1998, relativa á calidade da auga destinada ao consumo humano.

O obxectivo esencial desta norma é a protección da saúde humana asegurando o uso adecuado das substancias utilizadas no tratamento da auga destinada á produción de auga de consumo humano.

No artigo 9, relativo ás substancias para o tratamento da auga, indícase que calquera substancia ou preparado que se engada á auga deberá cumprir a norma UNE-EN vixente en cada momento. Para tal efecto, no anexo II facíase referencia ás normas UNE-EN de substancias utilizadas no tratamento da auga de consumo humano.

Esta orde regula a actualización das substancias relacionadas no anexo II do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, e substitúe a Orde SAS/1915/2009, do 8 de xullo, sobre substancias para o tratamento da auga destinada á produción de auga de consumo humano, que actualizaba por segunda vez o anexo II.

Actualízase en seis substancias a listaxe positiva (ácidos policarboxílicos, unicamente ácido polimaleico e ácido poliaspártico; aluminosilicatos naturais non expandidos; carbonato de calcio e magnesio; hidróxeno sulfato de sodio; óxido de magnesio e ceolita natural) de acordo coas novas normas do Centro Europeo de Normalización e da Aenor, e suprímese a exixencia de certificación de produto do anexo III. Esta supresión dun requisito anterior faise necesaria para facilitar a posta no mercado dos produtos, dada a carga económica que supón para as empresas e tendo presente que neste momento non existe ningún produto certificado en España, non se produce ningún prexuízo a ningunha empresa e se mantén a protección dos consumidores.

O establecemento destes requisitos de uso baséase no principio de precaución, co fin de que ningunha das substancias que se utilicen no tratamento das augas destinadas ao consumo humano, nin tampouco as impurezas asociadas a estas substancias, permanezan en concentracións superiores ao disposto na lexislación vixente, co fin de que non supoñan un menoscabo directo ou indirecto para a protección da saúde humana.

Por último, esta orde derroga a Orde SAS/1915/2009, do 8 de xullo, sobre substancias para o tratamento da auga destinada á produción de auga de consumo humano.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa elaboración foron oídos os sectores afectados, consultadas as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, e emitiu informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Esta orde dítase de conformidade co establecido no artigo 9.1 e na disposición derradeira primeira do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro.

Na súa virtude, dispoño:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta disposición ten por obxecto protexer a saúde da poboación garantindo o uso adecuado das substancias e mesturas empregadas para o tratamento da auga destinada á produción de auga de consumo humano, para o que se actualiza o anexo II do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, mediante o anexo I desta orde.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta disposición entenderase por fabricante, distribuidor e usuario intermedio o que sinala o artigo 3 do Regulamento (CE) nº 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e preparados químicos (REACH).

#### Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Esta disposición será de aplicación ás substancias e mesturas que se agreguen á auga para seren empregadas nos procesos de tratamento de potabilización da auga destinada á produción de auga de consumo humano e a súa distribución.

#### Artigo 4. *Requisitos de uso.*

As substancias e mesturas deberán cumprir os requisitos de uso en relación con:

1. Lugar de aplicación: toda substancia se poderá utilizar nas plantas de tratamento de potabilización ou desalgadoras e naqueles lugares indicados expresamente no anexo I. En caso de que exista a necesidade de utilizarse noutro punto de aplicación, deberá ser autorizado pola autoridade sanitaria competente.
2. Condicións de uso: encóntranse recollidas na columna de observacións do anexo I.
3. Control analítico: en aplicación do artigo 18, números 3 e 4, do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, a autoridade sanitaria competente poderá establecer controis adicionais, que deberá realizar o xestor do tratamento, segundo a substancia utilizada. A frecuencia de mostraxe deberá ser como mínimo a descrita para o autocontrol no anexo V do citado real decreto.

#### Artigo 5. *Prohibicións de uso.*

Queda prohibida a utilización de calquera substancia ou mestura que non estea recollida no anexo I desta orde e que non cumpra os requisitos establecidos nesta orde e no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro.

#### Artigo 6. *Información sobre as substancias.*

Os fabricantes das substancias e mesturas que se agreguen á auga para seren empregadas nos procesos de tratamento de potabilización deberán facilitar aos seus clientes, polo menos, a información que se detalla no anexo II, na primeira entrega da substancia e sempre que se produza unha actualización ou modificación, sen prexuízo do cumprimento das demais obrigas establecidas na normativa vixente.

Pola súa vez, distribuidores e envasadores deberán entregar a citada documentación aos usuarios intermedios para que a teñan á disposición da autoridade sanitaria competente ante unha eventual inspección.

#### Artigo 7. *Cumprimento de normas técnicas de calidade.*

1. Os fabricantes das substancias e mesturas que se agreguen á auga para seren empregadas nos procesos de tratamento de potabilización, sinaladas no anexo I desta

disposición, deberán subministrar aos distribuidores destes produtos a documentación que se describe no anexo III para demostrar que cumpren o disposto nos números 1 e 2 do artigo 9 do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro.

2. Pola súa vez, os distribuidores e os envasadores deberán facilitar a citada documentación aos usuarios intermedios para que a teñan á disposición da autoridade sanitaria competente ante unha eventual inspección.

3. No caso de substancias xeradas «in situ», os números 1 e 2 aplicaranse unicamente aos seus precursores, sempre que estean incluídos no anexo I.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derrógase a Orde SAS/1915/2009, do 8 de xullo, sobre substancias para o tratamento da auga destinada á produción de auga de consumo humano.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde, que ten carácter de lexislación básica, dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 19 de febreiro de 2013.—A ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, Ana Mato Adrover.

## ANEXO I

## Parte A. Substancias destinadas ao tratamento da auga de consumo humano, excepto biocidas notificados para tipo de produto 5

Estas substancias están afectadas polos requisitos recollidos non Regulamento (CE) nº 1907/2006 relativo ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición de substancias e preparados químicos (REACH).

Nota 1. Tras o tratamento, a auga non debería ser nin agresiva nin incrustante, segundo a nota 5 da parte C do anexo I do Real decreto 140/2003.

Nota 2. Segundo dispoña a autoridade sanitaria competente.

VP: valor paramétrico conforme o anexo I do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro.

UNE-EN	Nome	Sinónimos	CAS	EINECS	Función principal	Control analítico adicional. Nota 2	Observacións e condicións de utilización
13194	<b>Ácido acético.</b>	Ácido acético glacial.	64-19-7	200-580-7	Desnitrificación.		
939	<b>Ácido clorhídrico.</b>	Ácido muriático, cloruro de hidróxeno.	7647-01-0	231-595-7	Corrector de pH. Rexenerador de resinas. Precursor do dióxido de cloro.	Índice de Langelier.	Nota 1
974	<b>Ácido fosfórico.</b>	Ácido ortofosfórico.	7664-38-2	231-633-2	Inhibidor da corrosión.	Índice de Langelier.	Nota 1
12175	<b>Ácido hexafluorosilícico.</b>	Ácido hidrotetrafluorico, dihidróxeno hexafluoruro silicato, HFSA.	16961-83-4	241-034-8	Fluoración.	O fluoruro con niveis < VP.	Uso exclusivo para fluoración da auga de consumo.
15039	<b>Ácidos policarboxílicos:</b> Unicamente: Ac. polimaleico Ac. poliaspártico		26099-09-1 30915-61-8 25608-40-6	-	Antiincrustante para membranas.		Unicamente: Ac. polimaleico Ac. poliaspártico
899	<b>Ácido sulfúrico.</b>		7664-93-9	231-639-5	Corrector de pH.	Índice de Langelier.	Nota 1
15040	<b>Ácidos fosfónicos e os seus sales.</b>		32545-75-8 6419-19-8 2809-21-4 15827-60-8 1429-50-1 5995-42-6 37971-36-1 23605-74-5	251-094-7 229-146-5 220-552-8 239-931-4 215-851-5 227-833-4 253-733-5 245-781-0	Antiincrustantes	Índice de Langelier.	Uso exclusivo en fases previas ás membranas de osmose inversa. Estes ácidos poden tamén utilizarse en forma de sales de sodio, de potasio e de amonio. Non deben aparecer en auga produto por encima do límite de detección da mellor técnica de análise dispoñible.
1405	<b>Alxinato de sodio.</b>	Alxinato.	9005-38-3	232-68-01	Coagulante/floculante.	O sodio con niveis < VP.	
1406	<b>Amidóns modificados.</b>	Amidón, floculante de amidón.	9005-25-8 (amidón non-iónico) 56790-58-6 (amidón catiónico) 9063-38-1 (amidón aniónico)	232-679-6 (amidón non-iónico)	Coagulante/floculante.		
13753	<b>Alumina activada granulada.</b>	Óxido de aluminio.	1344-28-1		Coagulante/floculante.	O aluminio con niveis < VP.	
882	<b>Aluminato de sodio.</b>	Óxido de aluminio e sodio.	11138-49-1	234-391-6	Coagulante/floculante.	O sodio e o aluminio con niveis < VP.	
12905	<b>Aluminosilicato expandido.</b>	Arxila expandida, lousa expandida.	-	-	Filtración.	O aluminio con niveis < VP.	

UNE-EN	Nome	Sinónimos	CAS	EINECS	Función principal	Control analítico adicional. Nota 2	Observacións e condicións de utilización
15795	<b>Aluminosilicatos naturais non expandidos.</b>	Basalto Área volcánica Fondolla	-	-	Filtración.	O aluminio con niveis < VP.	
12126	<b>Amoniaco licuado.</b>		7664-41-7	231-635-3	Precursor da cloraminación.	O amonio con niveis < VP.	Uso exclusivo para realizar cloraminación.
12122	<b>Amoniaco.</b>		1336-21-6	215-647-6	Precursor da cloraminación.	O amonio con niveis < VP.	Uso exclusivo para realizar cloraminación.
12909	<b>Antracita.</b>	Antracita natural.	-	-	Filtración.		Tamén se pode usar en procesos unitarios de tratamento e instalación interior.
12911	<b>Area verde de manganeso.</b>	Ceolita de manganeso, area-ferro, area verde.	90387-66-9 1313-13-9	291-341-6 215-202-6	Filtración.	O manganeso con niveis < VP.	Tamén se pode usar en procesos unitarios de tratamento e instalación interior.
12904	<b>Area e grava de cuarzo.</b>	Silice, dióxido de silicio.	-	-	Filtración.		Tamén se pode usar en procesos unitarios de tratamento e instalación interior.
12912	<b>Barita.</b>	Sulfato de bario.	13462-86-7	236-664-5	Filtración.		Tamén se pode usar en procesos unitarios de tratamento e instalación interior.
13754	<b>Bentonita.</b>		1302-78-9	201-108-5	Coadxuvante da floculación. Adsorbente.		Tamén se pode usar en procesos unitarios de tratamento e instalación interior.
1204	<b>Bis-dihidroxeno fosfato de calcio.</b>	Fosfato de calcio monobásico. Fosfato monocalcico.	7758-11-4	231-837-1	Inhibidor da corrosión.	Índice de Langelier.	Nota 1
12518	<b>Cal.</b>	Hidróxido cálcico, óxido cálcico.	1305-62-0 1305-78-8	215-137-3 215-138-9	Corrector de pH. Remineralización. Coprecipitación e abrandamento da auga. Redución da agresividade.	Índice de Langelier.	Nota 1
12903	<b>Carbón activo en po.</b>	Carbón activo, carbón activado, carbón vexetal activo.	7440-44-0	231-153-3	Adsorbente.		
12915-2	<b>Carbón activo granulado reactivado.</b>	Carbón activo reactivado, carbón activo granulado, rexenerado carbón activo rexenerado, carbón vexetal activo reactivado, carbón vexetal activo rexenerado, carbono activo reactivado.	7440-44-0	231-153-3	Adsorbente.		O carbono activo granulado reactivado debe utilizarse na mesma ETAP de onde procede.
12915-1	<b>Carbón activo granulado virxe.</b>	Carbón activo granulado virxe, carbón activo virxe, carbono activado virxe.	7440-44-0	231-153-3	Adsorbente.		
12907	<b>Carbón pirolizado.</b>		-	-	Filtración.	Índice de Langelier.	Nota 1
14368	<b>Carbonato de calcio recuberto de dióxido de manganeso.</b>	Óxido de manganeso (IV), pirolusita sobre un soporte de carbonato de calcio.	1313-13-9 471-34-1	215-202-6 207-439-9	Filtración.	Manganeso con niveis <VP Índice de Langelier.	Nota 1

UNE-EN	Nome	Sinónimos	CAS	EINECS	Función principal	Control analítico adicional. Nota 2	Observacións e condicións de utilización
16003	<b>Carbonato de calcio e magnesio.</b>	Dolomita.	16389-88-1	240-440-2	Abrandamento da auga. Eliminación de dióxido de carbono.	Índice de Langelier.	
1018	<b>Carbonato de calcio.</b>	Rocha calcaria, pedra calcaria, carbonato cálcico.	1317-65-3	215-279-6	Corrector de pH. Remineralización. Redución da agresividade.	Índice de Langelier.	Nota 1.
897	<b>Carbonato de sodio.</b>	Cinza de sosa, carbonato de sodio anhidro, cinza de sosa lixeira, cinza de sosa pesada.	497-19-8	207-838-8	Corrector de pH e alcalinidade.	O sodio con niveis < VP Índice de Langelier.	Nota 1.
15028	<b>Clorato de sodio.</b>		7775-09-9	231-887-4	Precursor do dióxido de cloro.	Trihalometanos (THM), asegurando que os valores no punto de entrega ao consumidor son < VP Cloratos < 700 µg/L	Uso exclusivo para xerar dióxido de cloro.
938	<b>Clorito de sodio.</b>		7758-19-2	231-836-6	Precursor do dióxido de cloro.	Trihalometanos (THM), asegurando que os valores no punto de entrega ao consumidor son < VP Cloritos < 700 µg/L	Uso exclusivo para xerar dióxido de cloro.
891	<b>Clorosulfato de ferro (III).</b>	Clorosulfato férrico.	12410-14-9	235-649-0	Coagulante.	O ferro, o cloruro e o sulfato con niveis < VP Índice de Langelier.	Nota 1.
881	<b>Cloruro de aluminio (monómero), hidroxiclورو de aluminio (monómero) e hidroxiclوروسulfato de aluminio (monómero).</b>		7446-70-0 1327-41-9 14215-15-7 39290-78-3	231-208-1 215-477-2 238-071-7 254-400-7	Coagulante/floculante.	O cloruro, aluminio, sulfato con niveis < VP.	Nota 1.
935	<b>Cloruro de aluminio e de ferro (III) (monómero) e hidroxiclورو de aluminio e de ferro (III) (monómero).</b>	Para o hidroxiclورو de aluminio e de ferro III (monómero); hidroxiclورو de bauxita ou de anita.	7446-70-0 7705-08-0 1327-41-9 14215-15-7	231-208-1 231-729-4 215-477-2 238-071-7	Coagulante/floculante.	O ferro, o cloruro e o aluminio con niveis < VP.	Nota 1.
1421	<b>Cloruro de amonio.</b>	Sal amónico.	12125-02-9	235-186-4	Precursor da cloraminación.	O cloruro e o amonio con niveis < VP	Nota 1. Uso exclusivo para realizar cloraminación.
888	<b>Cloruro de ferro (III).</b>	Cloruro férrico, Cloruro férrico anhidro, Cloruro férrico hexahidratado, Solución de cloruro férrico.	7705-08-0 10025-77-1	231-729-4	Coagulante/floculante.	O cloruro e o ferro con niveis < VP Índice de Langelier.	Nota 1.
14805	<b>Cloruro de sodio para a xeración electroquímica de cloro utilizando tecnoloxía sen membranas.</b>	Sal común.	7647-14-5	231-598-3		O cloruro e o sodio con niveis < VP Índice de Langelier. Sabor	
973	<b>Cloruro sódico para a rexeneración de resinas de intercambio iónico.</b>	Sal común.	7647-14-5	231-598-3		O cloruro e o sodio con niveis < VP Índice de Langelier. Sabor	

UNE-EN	Nome	Sinónimos	CAS	EINECS	Función principal	Control analítico adicional. Nota 2	Observacións e condicións de utilización
1201	<b>Dihidróxeno fosfato de potasio.</b>	Fosfato de potasio, monobásico.	7778-77-0	231-913-4	Inhibidor da corrosión.	Índice de Langelier.	Nota 1.
1197	<b>Dihidróxeno fosfato de zinc en solución.</b>	Monozinc fosfato en solución, bis-dihidróxeno fosfato de zinc.	13598-37-3	237-067-2	Inhibidor da corrosión.	O zinc con niveis < 3000 µg/L Índice de Langelier.	Nota 1.
1198	<b>Dihidróxenofosfato de sodio.</b>	Fosfato de sodio monobásico. Fosfato monosódico.	7758-80-7	231-449-2	Inhibidor da corrosión.	O sodio con niveis < VP Índice de Langelier.	Nota 1.
1205	<b>Dihidróxenopirofosfato de sodio.</b>	Pirofosfato ácido de sodio. SAPP.	7758-16-9	231-835-0	Desincrustante.	O sodio con niveis < VP Índice de Langelier.	Nota 1.
936	<b>Dióxido de carbono.</b>	Gas carbónico, ácido carbónico (anhidrido do ácido carbónico).	124-38-9	204-696-9	Corrector de pH. Remineralización. Redución da agresividade.	Índice de Langelier.	Nota 1.
13752	<b>Dióxido de manganeso.</b>	Óxido de manganeso (IV), pirolusita.	1313-13-9 (Dióxido de manganeso)	215-202-6 (Óxidos de manganeso)	Filtración.	Índice de Langelier.	
12121	<b>Disulfito de sodio.</b>	Metabisulfito de sodio, piro-sulfito de sodio.	7681-57-4	231-673-0	Axente redutor.	O sodio e o sulfato con niveis < VP.	Nota 1 Tamén se pode usar en procesos unitarios de tratamento e instalación interior
1017	<b>Dolomita semi-calcinada.</b>		471-34-1 (Carbonato cálcico) 1309-48-4 (Óxido de magnesio)	207-439-9 (Carbonato cálcico) 215-171-9 (Óxido de magnesio)	Corrector de pH.	Índice de Langelier.	Nota 1.
12173	<b>Fluoruro de sodio.</b>	Fluoruro sódico.	7681-49-4	231-667-8	Fluoración.	O fluoruro e o sodio con niveis < VP.	Uso exclusivo para a fluoración de auga de consumo humano.
1203	<b>Fosfato tripotásico.</b>	Fosfato de potasio, tribásico. Ortofosfato tripotásico.	7778-53-2	231-907-1	Inhibidor da corrosión.	Índice de Langelier.	Nota 1.
1200	<b>Fosfato trisódico.</b>	Fosfato de sodio, tribásico.	7601-54-9	231-509-8	Inhibidor da corrosión.	O sodio con niveis <VP Índice de Langelier.	Nota 1.
12910	<b>Granate.</b>		-	-	Filtración.		Tamén se pode usar en procesos unitarios de tratamento e instalación interior.
12174	<b>Hexafluorosilicato de sodio.</b>	Silicofluoruro de sodio, hexafluorosilicato sódico.	16893-85-9	240-934-8	Fluoración.	O fluoruro e o sodio con niveis < VP.	Uso exclusivo para a fluoración de auga de consumo humano.
898	<b>Hidróxeno carbonato de sodio.</b>	Bicarbonato de sodio, carbonato ácido de sodio, carbonato monosódico.	144-55-8	205-633-8	Corrector de pH e alcalinidade.	O sodio con niveis <VP Índice de Langelier.	Nota 1.
1202	<b>Hidróxeno fosfato de potasio.</b>	Fosfato de potasio, dibásico.	7758-11-4	231-834-5	Inhibidor da corrosión.	Índice de Langelier.	Nota 1.
1199	<b>Hidróxeno fosfato de sodio.</b>	Fosfato de sodio, dibásico.	7558-79-4	231-448-7	Inhibidor da corrosión.	O sodio con niveis <VP Índice de Langelier.	Nota 1.

UNE-EN	Nome	Sinónimos	CAS	EINECS	Función principal	Control analítico adicional. Nota 2	Observacións e condicións de utilización
16037	Hidróxeno sulfato de sodio.	Bisulfato sódico.	7681-38-1	231-665-7	Corrector do Ph Precursor do dióxido de cloro Rexenerador de resinas	Índice de Langelier Sodio e sulfato con niveis < VP	Tamén se pode usar en procesos unitarios de tratamento e instalación interior.
12120	Hidroxeno sulfito de sodio.	Bisulfito sódico	7631-90-5	231-548-0	Avente reductor.	O sodio e o sulfato con niveis < VP.	Tamén se pode usar en procesos unitarios de tratamento e instalación interior
896	Hidróxido de sodio.	Sosa cáustica.	1310-73-2	215-185-5	Corrector de pH e alcalinidade.	O sodio con niveis <VP Índice de Langelier.	Nota 1.
14369	Ferro recuberto con alumina granular activada.		1344-28-1 (Alumina activada) 10028-22-5 (Sulfato de ferro III)	215-691-6 (Alumina activada) 233-072-9 (Sulfato de ferro III)	Filtración. Adsorbente.	Ferro e aluminio con niveis < VP	
16004	Óxido de magnesio	Magnesita	1309-48-4	215-171-9	Corrector do pH	Índice de Langelier	
15029	Óxido hidróxido de ferro (III)	Hidróxido férrico granular, óxido de ferro granulado, óxido hidróxido de ferro granulado, óxido de ferro sintético, óxido hidróxido de ferro sintético, xeolita, akaganeita.	20344-49-4	243-746-4	Adsorbente.	Ferro con niveis < VP Índice de Langelier.	
12876	Oxixeno.		7782-44-7	231-956-9	Oxixenación Precursor da ozonización		Oxixenación da auga destinada á produción de auga de consumo. Tamén se pode usar en captacións e conducións.
1278	Ozono.		10028-15-6	-	Ozonización.	Bromato con niveis < VP e control doutros subprodutos.	Uso exclusivo para a ozonización da auga de consumo. Recoméndase que tras a ozonización se instale unha unidade de carbono activo granulado.
12914	Perlita en po.		-	-	Filtración.		Tamén se pode usar en procesos unitarios de tratamento e instalación interior.
12672	Permanganato de potasio.	Permanganato de potasa.	7722-64-7	231-76-03	Oxidante.	Manganeso con niveis < VP.	Uso exclusivo en preoxidación.
15482	Permanganato de sodio.	Sal sódico de ácido permangánico	10101-50-5	233-251-1	Oxidante.	Manganeso con niveis < VP.	Uso exclusivo en preoxidación.
12906	Pedra pómez.		-	-	Filtración.		Tamén se pode usar en procesos unitarios de tratamento e instalación interior.
1207	Pirofosfato tetrapotásico.	Sal tetrapotásico de ácido difosfórico. TKPP	7320-34-5	230-785-7	Desincrustante.	Índice de Langelier.	Nota 1.
1206	Pirofosfato tetrasódico.	Difosfato tetrasódico. TSPP	7722-88-5	231-767-1	Inhibidor da corrosión.	O sodio con niveis < VP Índice de Langelier.	Nota 1.

UNE-EN	Nome	Sinónimos	CAS	EINECS	Función principal	Control analítico adicional. Nota 2	Observacións e condicións de utilización
1408	<b>Polí(cloruro de dialildimetilamonio).</b>	Poli (cloruro de dialildimetilamonio), poli (cloruro de dimetildialilamonio), poliDADMAC	26062-79-3	-	Coagulante/floculante.	O cloruro con niveis < VP.	
1208	<b>Polifosfato de sodio e calcio.</b>	Polifosfato de sodio e calcio vítreo, Polimetáfosfato de sodio e calcio.	23209-59-8	245-490-9	Inhibidor da corrosión. Desincrustante.	Sodio con niveis < VP Índice de Langelier.	Nota 1.
1212	<b>Polifosfato de sodio.</b>	Sal sódica do ácido polifosfórico.	68915-31-1	272-808-3	Inhibidor da corrosión.	O sodio con niveis < VP Índice de Langelier.	Nota 1. Tamén se pode usar en procesos unitarios de tratamento e instalación interior.
15041	<b>Polifosfatos.</b>		-		Antiincrustantes.	Índice de Langelier.	Uso exclusivo en fases previas ás membranas de osmose inversa. Non debe aparecer na auga produto por encima do límite de detección da mellor técnica de análise dispoñible.
885	<b>Polihidroxilosilicato de aluminio.</b>	Policloruro silicato de aluminio.	94894-80-1	Produtos ou materias primas: Hidroxocloruro de aluminio: 215-477-2 Aluminosilicato: 215-475-1 Cloruro de sodio: 231-598-3	Coagulante/floculante.	O cloruro e o aluminio con niveis < VP Índice de Langelier.	Nota 1.
883	<b>Polihidroxocloruro de aluminio e polihidroxoclorosulfato de aluminio.</b>	Cloruro básico de aluminio BAC, policloruro de aluminio, PAC, PACI e policloruro de aluminio, PAC; polihidroxoclorosulfato de aluminio, PACS.	1327-41-9 12042-91-0 10284-64-7 39290-78-3	215-477-2 234-933-1 233-632-2 254-400-7	Coagulante/floculante.	O cloruro, o aluminio, sulfato (se procede) con niveis < VP Índice de Langelier.	Nota 1.
886	<b>Polihidroxisulfatosilicato de aluminio.</b>	Polisulfato silicato de aluminio, PASS.	131148-05-5	Produtos ou materias primas: Sulfato básico de aluminio, PAS: 259-881-7 Aluminosilicato: 215-475-1 Sulfato de sodio: 231-820-9	Coagulante/floculante.	O sulfato e o aluminio con niveis < VP Índice de Langelier.	Nota 1.
1209	<b>Silicato de sodio.</b>	Vidro soluble.	1344-09-8	215-687-4	Coagulante/floculante. Inhibidor da corrosión	O sodio con niveis < VP Índice de Langelier.	Nota 1. Tamén se pode usar en procesos unitarios de tratamento e instalación interior.
887	<b>Sulfato de aluminio e de ferro (III).</b>		10043-01-3 (Sulfato de aluminio III)	233-135-0 (Sulfato de	Coagulante.	O sulfato, o ferro e o aluminio con niveis < VP.	

UNE-EN	Nome	Sinónimos	CAS	EINECS	Función principal	Control analítico adicional. Nota 2	Observacións e condicións de utilización
			10028-22-5 (Sulfato de ferro III)	aluminio II) 233-072-9 (Sulfato de ferro III)			
878	<b>Sulfato de aluminio.</b>	Sulfato de aluminio, sulfato de alumina.	10043-01-3 16828-11-8 7784-31-8	233-135-0	Coagulante/floculante.	O sulfato e o aluminio con niveis < VP.	
12123	<b>Sulfato de amonio.</b>		7783-20-2	213-984-1	Precursor da cloraminación.	O amonio e o sulfato con niveis < VP.	Uso exclusivo para cloraminación de auga de consumo.
889	<b>Sulfato de ferro (II).</b>	Sulfato ferroso, vitriolo de ferro, caparrosa, protosulfato de ferro.	7782-63-0 (Sulfato de ferro II heptahidratado) 7720-78-7 (Sulfato de ferro II)	231-753-5 (Sulfato de ferro II)	Coagulante.	O sulfato e o ferro con niveis < VP.	Nota 1.
890	<b>Sulfato de ferro (III) líquido.</b>	Licor de sulfato férrico, licor vermello de ferro.	10028-22-5	233-072-9	Coagulante.	O sulfato e o ferro con niveis < VP.	Nota 1.
14664	<b>Sulfato de ferro (III), sólido.</b>	Sulfato férrico sólido.	10028-22-5	233-072-9	Coagulante.	O sulfato e o ferro con niveis < VP.	Nota 1.
12124	<b>Sulfito de sodio.</b>		7757-83-7	231-821-4	Axente redutor.	O sulfato e o sodio con niveis < VP Índice de Langelier.	Nota 1. Tamén se pode usar en procesos unitarios de tratamento e instalación interior.
12913	<b>Terra de diatomeas en po.</b>		61790-53-2 (seca e moída) 90053-39-3 (diatomea calcinada) 68855-54-9 (calcinada con fundente)	293-303-4 (calcinada)	Filtración.		Tamén se pode usar en procesos unitarios de tratamento e instalación interior.
12125	<b>Tiosulfato de sodio.</b>	Hiposulfito de sodio.	7772-98-7 10102-17-7	231-867-5	Axente redutor.	O sulfato e o sodio con niveis < VP Índice de Langelier.	Nota 1. Tamén se pode usar en procesos unitarios de tratamento e instalación interior.
1211	<b>Tripolifosfato de potasio.</b>	KTPP.	13845-36-8	237-574-9	Desincrustante.	Índice de Langelier.	Nota 1.
1210	<b>Tripolifosfato de sodio.</b>	Trifosfato pentasódico, STPP.	7758-29-4	231-838-7	Desincrustante.	O sodio con niveis < VP.	Nota 1.
16070	<b>Ceolita natural.</b>	Analcima Clinoptilolita Philipsita	1318-02-1 12173-10-3 12271-42-0	215-283-8	Adsorbente.		

## Parte B. Biocidas

## B1. Substancias activas incluídas no tipo de produto 5 «desinfectante para a auga potable, tanto para os seres humanos como para animais»

UNE-EN	Nome	Sinónimos	CAS	EINECS	Lugar de aplicación.	Control analítico adicional. Nota 2	Condições de utilización.
937	<b>Cloro.</b>	Cloro líquido.	7782-50-5	231-959-5	Planta de tratamento. Proceso unitario.	Cloro libre residual, cloro combinado residual e THM, asegurando que os valores no punto de entrega ao consumidor son < VP, e control doutros subprodutos da cloración.	
1019	<b>Dióxido de xofre.</b>	Anhidro do ácido sulfuroso.	7446-09-5	231-195-2	Planta de tratamento.	Sulfato con niveis <VP. Índice de Langelier	
12671	<b>Dióxido de cloro.</b>		10049-04-4	233-162-8	Planta de tratamento. Proceso unitario. Instalacións interiores.	THM, asegurando que os valores no punto de entrega ao consumidor son < VP, 700 µg/L para cloritos e cloratos.	
900	<b>Hipoclorito de calcio.</b>		7778-54-3	231-908-7	Planta de tratamento. Proceso unitario. Instalacións interiores.	Cloro libre residual, cloro combinado residual, THM, asegurando que os valores no punto de entrega ao consumidor son < VP, e control doutros subprodutos da cloración.	
901	<b>Hipoclorito de sodio.</b>	Lixivia líquida, lixivia sódica.	7681-52-9	231-668-3	Planta de tratamento. Proceso unitario. Instalacións interiores.	Cloro libre residual, cloro combinado residual, THM, asegurando que os valores no punto de entrega ao consumidor son < VP, e control doutros subprodutos da cloración.	
902	<b>Peróxido de hidróxeno.</b>		7722-84-1	231-765-0	Planta de tratamento. Proceso unitario. Instalacións interiores.		
12678	<b>Peroxomonosulfato de potasio.</b>	Monopersulfato de potasio.	70693-62-8	274-778-7	Planta de tratamento.	O sulfato con niveis <VP.	
12933	<b>Ácido tricloroisocianúrico.</b>	TCCA, sincloeno.	87-90-1	201-782-8			
12931	<b>Dicloroisocianurato de sodio, anhidro.</b>		2893-78-9	2-207-67-7			<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sempre se utilizarán como primeira opción os biocidas anteriores, cando non se dispoña deles poderanse utilizar, con autorización previa de uso pola autoridade sanitaria competente</li> <li>- Utilización temporal, nunca máis de 50 días por</li> </ul>

UNE-EN	Nome	Sinónimos	CAS	EINECS	Lugar de aplicación.	Control analítico adicional. Nota 2	Condicións de utilización.
12932	<b>Dicloroisocianurato de sodio, dihidratado.</b>		51580-86-0	-			ano, mentres que non sexa posible a utilización de desinfectantes anteriores. - Como desinfectante da auga de consumo humano: segundo dispoña a autoridade sanitaria competente.

## B2. Situacións especiais

En situacións especiais, as Forzas Armadas poderán utilizar outros desinfectantes para o tratamento de pequenos volumes de auga para consumo humano persoal.

## ANEXO II

## Información sobre substancias do artigo 6

1.º Conforme o Regulamento (CE) nº 1907/2006 (REACH)

a) Ficha de datos de seguridade completa da substancia ou mestura.

2.º Manual de uso da substancia ou mestura onde, polo menos, deberá constar:

b) Modo de emprego.

c) Dose recomendada.

d) Finalidade.

e) Incompatibilidades con outros produtos e/ou materiais.

Nota 1: a información deberase subministrarse na primeira entrega da substancia e sempre que se produza unha actualización ou modificación. Nos albarás de entrega deberá constar a data de fabricación e o número de lote.

Nota 2: a documentación deberá estar polo menos en castelán.

## ANEXO III

## Demostración do cumprimento de normas técnicas de calidade

*Análise do produto*

Certificado\* que demostre que os resultados da análise dunha/s mostra/s da substancia, impurezas e subprodutos principais cumpren coa norma UNE-EN correspondente ou outra norma ou estándar análogo que garanta un nivel de protección da saúde, polo menos, equivalente. O dito certificado deberá ser renovado cada dous anos, así como sempre que se realice calquera modificación no proceso de fabricación que poida ter influencia sobre a calidade das substancias.

Este certificado deberá ser expedido por un laboratorio que:

- teña acreditado pola Norma UNE EN ISO/IEC 17025 o método de análise que describe a norma UNE EN (ou a norma equivalente, se é o caso),
- ou
- polo menos estea acreditado por algún outro método de análise de auga e que teña validados os métodos e análises requiridos
- ou
- teña certificado BPL (certificación das boas prácticas de laboratorio en ensaios non clínicos de substancias químicas, incluídos os biocidas e as substancias que regula o REACH).

Nota 1: \* o certificado deberá estar polo menos en castelán.

Nota 2: para o caso de gases como cloro gas, dióxido de cloro, oxixeno ou ozono, a análise poderá ser realizada na propia fábrica por motivos de seguridade.